

## Información precontractual relativa ás tarxetas de crédito de duración indefinida

---

En cumprimento do disposto no artigo 33.ter da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente dos servizos bancarios, modificada pola Orde ETD/699/2020, do 24 de xullo, pola que se regula o crédito revolvete, e no apartado 2.3 da norma sexta da Circular 5/2012, do 27 de xuño, do Banco de España, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de empréstitos, entrégaselle ao cliente o documento de información precontractual relativo aos créditos ao consumo de duración indefinida.

Este documento trata da «Tarxeta Combo Profesional», que incorpora dous instrumentos de pagamento («Tarxeta Combo Personal e Tarxeta Combo Profesional») nun único soporte, polo que as referencias á «Tarxeta de Crédito» serán de aplicación a ambas as dúas, a non ser que se indique expresamente o contrario.

A información recollida neste documento complétase coa Información Normalizada Europea (INE) que se lle entrega simultaneamente.

### Modalidades de pagamento previstas no contrato.

A Tarxeta de Crédito dispón das seguintes modalidades de pagamento:

**1. Modalidades de pagamento xerais.** Con carácter xeral, ás operacións realizadas coa Tarxeta aplicaráselles unha das seguintes modalidades de pagamento:

**a) Modalidade de Pago Aprazado («Revolving»):** permítelle ao Titular o pagamento a prazos das disposicións realizadas coa Tarxeta, posibilitando ou pagar unha cantidade fixa ao mes ou pagar unha porcentaxe do saldo extraído, sendo a cota mensual mínima permitida a cantidade resultante de aplicarlle a porcentaxe do 3,00 % ao saldo disposto do crédito asociado á Tarxeta, cun importe mínimo de 30,00 €. Tipo de xuro nominal anual fixo (TIN) en compras; traspaso de efectivo a conta corrente e retirada de efectivo a crédito en caixeiros automáticos: 17,52 %, TAE nas compras 19,00 % (a TAE indicada podería ser máis elevada para o resto das opcións de disposición de fondos).

**b) Modalidade Pago Fin de Mes:** baixo esta modalidade, as adquisicións e retiradas realizadas polo Titular ata a data de peche do período de liquidación deberán aboarse, sen xuros, na data sinalada para o seu pagamento. Tipo de xuro nominal anual (TIN) fixo: 0,00 %, TAE nas compras 0,00 % (a TAE indicada podería ser máis elevada para o resto das opcións de disposición de fondos).

**2. Modalidades de pagamento especial.** Na modalidade de pagamento xeral Pago Fin de Mes, o Titular poderá adiar operacións puntuais baixo calquera das seguintes formas de pagamento especiais, sempre que estean habilitadas na Tarxeta:

**a) Modalidade especial a Prazos (Compra Smart):** Nesta modalidade, o Titular opta por adiar o pagamento dunha determinada operación (ou a suma de varias), decidindo a cota a aboar cada mes ou o número de meses nos que quere adiar a devandita operación. O importe mínimo a adiar é de 90,00 € ou a cantidade mínima que se determine en cada momento e os prazos poderán oscilar entre os 3 e os 36 meses ou dentro das opcións que estean dispoñibles en cada momento. Tipo de xuro nominal anual (TIN) fixo: 17,52 %, TAE 19,00 %. (A TAE indicada poderá variar en función do día do mes de contratación, do prazo e do importe.)

**b) Modalidade especial de Pago Aprazado en Comercios:** Naqueles comercios que ofrezan a posibilidade de adiar o pagamento das compras efectuadas, o Titular poderá optar, no momento da compra, por fraccionar o pagamento en prazos de 3, 6, 9 ou 12 meses de cotas fixas e sempre que o importe mínimo de compra sexa de 60,00 € ou a cantidade mínima que se determine en cada momento. Tipo de xuro nominal anual (TIN) fixo: 17,52 %, TAE 19,00 %. (A TAE indicada pode variar en función do día do mes de contratación.)

### Modalidade de pagamento establecida.

Cada un dos instrumentos de pagamento con Tarxeta de Crédito nace co seguinte modalidade de pagamento:

A Tarxeta Combo Personal e a Tarxeta Combo Profesional: Emítense coa modalidade de pagamento xeral Pago Fin de Mes, que lle permite ao titular aboar, sen xuros e na data sinalada para o pagamento, as adquisicións e retiradas realizadas ata a data de peche do período de liquidación.

### Capitalización de cantidades vencidas, esixibles e non satisfeitas.

Si. Os xuros ordinarios vencidos e non pagados na súa liquidación, así como as comisións que formen parte do capital disposto (comisión de emisión e mantemento da Tarxeta de Crédito, retirada de efectivo a crédito a través da Tarxeta de Crédito e por uso de redes internacionais) consideraranse como aumento do capital non amortizado e desde ese momento devindicarán novos xuros consonte o disposto no art. 317 do Código de Comercio.

### Facultade do cliente ou da entidade para modificar a modalidade de pagamento establecida, así como as condicións para o seu exercicio.

Non. O cliente non poderá modificar a modalidade de pagamento establecida en cada un dos instrumentos de pagamento que compoñen a Tarxeta de Crédito. Non obstante, o cliente poderá modificar a porcentaxe ou a cantidade fixa mensual a ingresar na Tarxeta Combo 2 Aplazado, respectando a cota mínima mensual indicada para a modalidade de Pago Aprazado («Revolving»), mediante unha simple chamada telefónica ao número de servizo de Banca Telefónica (91 657 88 00), a través da páxina web [www.bankinter.com](http://www.bankinter.com), en calquera oficina de Bankinter ou por calquera outra canle posta a dispor dos clientes, ata cinco (5) días naturais antes do remate do mes en curso.

Así mesmo, a Entidade poderá propoñerlle ao Titular, en caso de impago e contando coa súa conformidade previa, a modificación da modalidade de pagamento que houbese establecida en cada un dos instrumentos de pagamento por calquera outra contemplada nas Condicións Particulares do Contrato, incluída a correspondente ao «Pago Aprazado» («Revolving»), co fin de adaptar o pagamento da débeda á súa capacidade financeira sobrevida e baixo a premisa de amortizar progresivamente a carga da débeda nun período de tempo razoable que evite unha situación de sobreendebadamento. Nese suposto, a Entidade informará ao Titular das novas condicións económicas e, se é o caso, a nova cota que se deberá aboar ou a data estimada de amortización total do crédito en función da devandita modificación, co fin de permitir que regularice a súa situación de incumprimento.

### Exemplos representativos de crédito con dúas ou máis alternativas de financiamento determinadas en función da cota mínima que poida establecerse para o seu reembolso.

Os exemplos realizáronse baixo a hipótese de que o límite de crédito sexa de 1.500,00 €; o contrato se manteña en vigor durante toda a súa duración; as partes cumpran coas súas obrigas nos termos e prazos acordados, e só se realice unha única retirada do importe total do crédito da Tarxeta de Crédito ata a súa total amortización baixo a forma de retirada máis comunmente utilizada:

#### i) Exemplo de Modalidade de Pago Aprazado («Revolving»).

No caso dun **límite de crédito de 1.500,00 €**, disposto na súa totalidade nunha única compra efectuada o primeiro día do mes, cunha cota mensual mínima correspondente á cantidade resultante de aplicar o 3,00 % sobre a cantidade do crédito disposto cun mínimo de 30,00 € e un **tipo de xuro nominal anual (TIN) fixo do 17,52 % (19,00 % TAE)**. Neste caso, **o importe total cargado ascendería á cantidade de 2.354,20 €** (1.500,00 € de principal e 854,20 € de xuros), que se pagarán mediante 73 mensualidades, sendo a primeira cota 45,00 € (23,10 € de principal e 21,90 € de xuros) e a cota final de 3,93 € (3,87 € de principal e 0,06 € de xuros).

#### ii) Exemplo de Modalidade especial a Prazos (Compra Smart).

No caso dun **límite de crédito de 1.500,00 €**, disposto na súa totalidade nunha única retirada, efectuada o primeiro día do mes, cun prazo de amortización de 37 meses e a un **tipo de xuro nominal anual (TIN) fixo do 17,52 % (19,04 % TAE)**. Neste caso, **o importe total cargado ascendería a 1.960,87 €** (1.500,00 € de principal e 460,87 € de xuros), a pagar a través dunha primeira cota de 21,60 € que inclúe exclusivamente xuros, 35 cotas mensuais de 53,87 € (estando composta a primeira destas 35 cotas por 31,97 € de principal e 21,90 € de xuros) e por unha cota final de 53,82 € (53,05 de principal e 0,77 € de xuros).

#### iii) Exemplo de Modalidade especial de Pago Aprazado en Comercios.

No caso dun **límite de crédito de 1.500,00 €**, disposto na súa totalidade nunha única retirada, efectuada o primeiro día do mes, cun prazo de amortización de 12 meses e a un **tipo de xuro nominal anual (TIN) fixo do 17,52 % (16,37 % TAE)**. Neste caso, **o importe total cargado ascendería a 1.646,15 €** (1.500,00 € de principal e 146,15 € de xuros), a pagar a través de 12 cotas mensuais de 137,18 € (estando composta a primeira destas 12 cotas por 115,28 € de principal e 21,90 € de xuros) e unha cota final de 137,17 € (135,20 € de principal e 1,97 € de xuros).

INFORMACIÓN NORMALIZADA EUROPEA SOBRE O CRÉDITO AO CONSUMO – Tarxeta Crédito Combo Profesional

A información incluída neste documento ten carácter simplemente informativo. A información destacada en **tipo de letra en negra** é especialmente relevante. Este documento trata da «Tarxeta Combo Profesional», que incorpora dous instrumentos de pagamento («Tarxeta Combo Personal e Tarxeta Combo Profesional») nun único soporte, polo que as referencias á «Tarxeta de Crédito» serán de aplicación a ambas as dúas, a non ser que se indique expresamente o contrario.

1. Identidade e datos de contacto do prestamista e/ou do intermediario.

Prestamista:	BANKINTER CONSUMER FINANCE, E.F.C., S.A. (en adiante, a «Entidade»).
Enderezo:	Avenida de Bruselas n.º 12, 28108 - Alcobendas, Madrid.
Enderezo do sitio web:	www.bankinterconsumerfinance.com
Intermediario de crédito:	BANKINTER, S.A.
Enderezo:	Paseo de la Castellana n.º 29, 28046 Madrid.
Enderezo do sitio web:	www.bankinter.com

2. Descrición das características principais do produto de crédito.

<p><b>Tipo de crédito.</b></p>	<p>Tarxeta de crédito: Tarxeta Combo Profesional consistente en dúas tarxetas de crédito nun único soporte, cada unha delas asociada a unha liña de crédito:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>A Tarxeta Combo Personal: Emítese baixo a modalidade Pago Fin de Mes.</b></li> <li>• <b>A Tarxeta Combo Profesional: Emítese baixo a modalidade Pago Fin de Mes.</b></li> </ul>
<p><b>Importe total do crédito.</b> É dicir, o importe máximo ou a suma de todas as cantidades postas a dispor do consumidor no marco do contrato de crédito.</p>	<p><b>A liña de crédito inicial será a asignada a cada unha das Tarxetas segundo a análise de crédito e solvencia do Cliente realizada pola Entidade cun límite máximo en función do tipo de Tarxeta solicitada, sendo o devandito límite de:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Tarxeta Combo Personal: 6.000 €.</b></li> <li>• <b>Tarxeta Combo Profesional: 6.000 €.</b></li> </ul>
<p>Condicións que rexen a retirada dos fondos. É dicir, cando e como obterá o diñeiro o consumidor.</p>	<p>Unha vez aprobada a solicitude, a Entidade pon a dispor do Titular un determinado límite de crédito independente para cada unha das Tarxetas, para o que a Entidade emite un único instrumento de pagamento («Tarxeta») a nome dunha persoa física («Titular»). As Tarxetas son persoais e intransferibles e son emitidas con carácter persoal e intransferible, polo que só poderán ser utilizadas polo Titular, cuxo nome quedará rexistrado na propia Tarxeta.</p> <p>Previa conformidade da Entidade, o Titular poderá obter a emisión de tarxetas adicionais («Tarxeta/s Adicional/Adicionais») a nome dunha ou máis persoas por el designadas («Titular/es Adicional/Adicionais»), ás que se lles aplicarán as condicións contidas no seu Contrato de Titular Adicional e no Contrato da Tarxeta, respectivamente. A solicitude de Tarxeta/s adicional/adicionais determinará a aceptación por parte do Titular dos cargos que a Entidade realice, con cargo á liña de crédito, nas súas contas polas retiradas que o/s Titular/es Adicional/Adicionais realicen coa/s mesma/s.</p> <p>Ambas as dúas liñas de crédito a través das Tarxetas poderán utilizarse para realizar as seguintes operacións ou servizos: a) adquirir bens ou obter a prestación de servizos en calquera dos comercios adheridos aos sistemas Visa ou MasterCard ou a calquera outro que estea dispoñible para o uso da Tarxeta; b) retirar efectivo mediante crédito/débito en calquera das oficinas bancarias e caixas afiliadas a cada un dos sistemas, así como naqueles caixeiros automáticos de calquera entidade adherida a cada un dos sistemas e que estean declarados accesibles á Tarxeta; c) acceder ao servizo «Traspaso de efectivo á túa conta corrente» ou «Smart Cash», transferindo o saldo dispoñible da Tarxeta á conta corrente asociada a ela; d) acceder a outros servizos asociados á Tarxeta que ofrezca a Entidade ou que poidan ofrecerse no futuro.</p> <p>En canto ao/s Titular/es Adicional/Adicionais, se os houber, estes poderán, dentro dos límites pactados, dispor do crédito mediante a utilización da súa Tarxeta adicional para realizar calquera das accións establecidas no apartado anterior, a excepción do servizo de «Traspaso de efectivo á túa conta corrente» («Smart Cash»), que será exclusivo do Titular.</p>
<p><b>Duración do Contrato de crédito.</b></p>	<p><b>O Contrato terá unha duración indefinida e calquera das Partes poderá resolvelo voluntariamente.</b></p> <p>No caso de que a resolución sexa por iniciativa da Entidade, esta deberá comunicarlle a extinción ao Titular cun aviso previo mínimo de dous (2) meses, quedando resolto o Contrato e canceladas as Tarxetas, previa liquidación total e anticipada da débeda pendente, o cal poderá facer o Titular, sempre que non se trate dunha resolución causal, segundo a modalidade de pagamento seleccionada no momento da extinción e aplicando as condicións pactadas de tipo de xuro nese momento. Se a resolución é por iniciativa do Titular, poderá realizalo en calquera momento, sen necesidade de previo aviso, sendo necesaria en todo caso a liquidación total da débeda, procedendo a Entidade ao cumprimento da orde de resolución antes de que transcorran 24 horas desde a súa recepción e unha vez xustificada polo Titular o pagamento do importe debido á Entidade. En calquera dos casos e en relación coas comisións e gastos que periodicamente se cobren polos servizos de pagamento, o Titular só aboará a parte proporcional debida ata a resolución do Contrato por calquera causa. No caso de que as devanditas comisións e gastos fosen pagados por anticipado, serán reintegrados proporcionalmente á duración do prazo que cubra a comisión ou gasto de que se trate. Do mesmo xeito, no suposto de que o Titular teña contratado un seguro de protección de pagamentos («PPI»), terá dereito á devolución da parte da prima non consumida nos termos que consten na póliza de seguro.</p> <p><b>Sen prexuízo do prazo de duración indefinida, as Tarxetas terán un período de validez limitado que figurará impreso nela e non poderá ser utilizada despois da súa data de caducidade. O Titular principal autoriza á Entidade a renovar as Tarxetas ao seu vencemento, así como a súa substitución no caso da incorporación de novas funcionalidades non solicitadas expresamente polo Titular. Unha vez recibidas as novas Tarxetas, o Titular comprométese a devolver á Entidade as Tarxetas substituídas ou á súa debida destrución.</b></p>
<p>Os prazos e, segundo corresponda, a orde na que se realizarán os pagamentos a prazos.</p>	<p><b>Modalidades de pagamento:</b> Inicialmente, as Tarxetas emítese nas seguintes modalidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>A Tarxeta Combo Personal: Emítese baixo a modalidade Pago Fin de Mes.</b></li> <li>• <b>A Tarxeta Combo Profesional: Emítese baixo a modalidade Pago Fin de Mes.</b></li> </ul>

As modalidades de pagamento que ofrece a Tarxeta Combo e que dependerán da opción escollida polo cliente en cada caso, son as seguintes:

**1. Modalidades de pagamento xerais.** Con carácter xeral, ás operacións realizadas coa Tarxeta aplicaráselles unha das seguintes modalidades de pagamento:

**a) Modalidade de Pago Aprazado («Revolving»):** Permite ao Titular o pagamento a prazos das retiradas realizadas coa Tarxeta, posibilitando ou pagar unha cantidade fixa ao mes ou pagar unha porcentaxe do saldo extraído, sendo a cota mensual mínima permitida a cantidade resultante de aplicarle a porcentaxe do 3,00 % ao saldo disposto do crédito asociado á Tarxeta, cun importe mínimo de 30,00 €. En calquera caso, a cota mensual elixida e/ou resultante deberá incluír, como mínimo: a) o 0,35 % do capital disposto, b) o total dos xuros devindicados durante o período de liquidación e, se é o caso, c) a cota do seguro de protección de pagamentos («PPI»); polo tanto, o seu importe podería variar á alza.

**b) Modalidade Pago Fin de Mes:** Nesta modalidade, as adquisicións e retiradas realizadas ata a data de peche do período de liquidación deberán aboarse, sen xuros, na data sinalada para o seu pagamento.

**2. Modalidades de pagamento especial.** Na modalidade de pagamento xeral Pago Fin de Mes, o Titular poderá adiar operacións puntuais baixo calquera das seguintes formas de pagamento especiais, sempre que estean habilitadas na Tarxeta:

**a) Modalidade especial a Prazos (Compra Smart):** Nesta modalidade, o Titular opta por adiar o pagamento dunha determinada operación (ou a suma de varias), decidindo a cota a aboar cada mes ou o número de meses nos que quere adiar a devandita operación. O importe mínimo a adiar é de 90,00 € ou a cantidade mínima que se determine en cada momento, podendo oscilar os prazos entre os 3 e os 36 meses. Nesta modalidade de pagamento, a primeira cota poderá ser de importe diferente ao podersele aplicar unha carencia de capital, en cuxo caso só estará composta polos xuros de carencia.

**b) Modalidade especial de Pago Aprazado en Comercios:** Naqueles comercios que ofrezan a posibilidade de adiar o pagamento das compras efectuadas, o Titular poderá optar, no momento da compra, por fraccionar o pagamento en prazos de 3, 6, 9 ou 12 meses de cotas fixas e sempre que o importe mínimo de compra sexa de 60,00 € ou a cantidade mínima que se determine en cada momento.

**Non obstante, o Titular poderá, dentro das diferentes opcións que teña habilitadas a Tarxeta, modificar a modalidade de pagamento xeral, así como a porcentaxe ou a cantidade fixa mensual a pagar da Tarxeta, respectando, segundo corresponda, a cota mensual mínima da modalidade de Pago Aprazado («Revolving»), mediante unha simple chamada telefónica ao número 91 657 88 00, de luns a sábado, a través da páxina web de Bankinter ou en calquera oficina de Bankinter S.A., ata cinco (5) días naturais antes do remate do mes en curso.**

Non obstante, se o Titular cambia a modalidade de Pago Fin de Mes pola de Pago Aprazado («Revolving»), calcularanse xuros polos movementos realizados coa súa Tarxeta durante o mes en que se produza a modificación, xa sexan compras, retiradas de efectivo en caixeiros ou transferencia de efectivo á súa conta corrente. Ao final do mes no que se produciuse o cambio, calcularase o importe da cota a pagar sobre o total da débeda pendente de pagamento en función da porcentaxe de pagamento ou cantidade escollida, máis os xuros remuneratorios correspondentes.

No caso de que o Titular cambie da modalidade de Pago Aprazado («Revolving») á de Pago Fin de Mes, non se devindicarán xuros polos movementos realizados coa tarxeta no devandito mes. Non obstante, a cota que se pagará a finais de mes calcularase tendo en conta: (i) o saldo adiado que quedase pendente do mes anterior, (ii) os xuros que o devandito saldo devindicase no mes que se vai liquidar, (iii) así como a suma dos movementos realizados coa tarxeta no mes.

No caso das modalidades de pagamento 1.a), 2.a) e 2.b), que supoñan adiamento do pagamento, o capital disposto devindicará diariamente xuros segundo o tipo nominal anual pactado desde a data da operación realizada coa Tarxeta ou da elección da modalidade de pagamento ata a súa completa amortización e liquidarase mensualmente.

En canto á cota mensual, na modalidade de Pago Aprazado («Revolving»), incluírá os seguintes conceptos:

(i) A amortización da parte proporcional correspondente do «capital disposto», composta polos seguintes movementos: a) as retiradas realizadas no período de liquidación (compra en comercios, retirada a crédito en caixeiros ou traspaso de efectivo desde a liña de crédito da Tarxeta á conta corrente do Titular); b) segundo corresponda, o crédito disposto no período de liquidación anterior; e c) segundo corresponda, as comisións devindicadas no período de liquidación (emisión e mantemento da Tarxeta, retirada de efectivo a crédito a través da Tarxeta e por uso de redes internacionais), cunha porcentaxe mínima do 0,35 %;

(ii) Os xuros totais devindicados durante o período de liquidación correspondente;

(iii) A comisión de excedido devindicada, segundo corresponda, por superar o Titular o límite do crédito asociado á Tarxeta;

(iv) O seguro de protección de pagamentos («PPI»), se o Titular o ten contratado; e

(v) Segundo corresponda, as cotas pendentes das modalidades de pagamento especial.

Por outra banda, na modalidade de Pago Fin de Mes, as cotas mensuais incluírán os seguintes conceptos:

(i) A amortización do «capital disposto», composto polos seguintes movementos: a) as retiradas realizadas no período de liquidación (compra en comercios, retirada a crédito en caixeiros ou traspaso de efectivo desde a liña de crédito da Tarxeta á conta corrente do Titular); b) segundo corresponda, o crédito disposto no período de liquidación anterior; e c) segundo corresponda, as comisións devindicadas no período de liquidación (emisión e mantemento da Tarxeta, retirada de efectivo a crédito a través da Tarxeta e por uso de redes internacionais);

(ii) As cotas das modalidades de pagamento especial;

(iii) A comisión de excedido devindicada, segundo corresponda, por superar o Titular o límite do crédito asociado á Tarxeta;

(iv) O seguro de protección de pagamentos («PPI»), se o Titular o ten contratado; e

(v) Segundo corresponda, os xuros do saldo pendente do mes de liquidación anterior.

Os recibos correspondentes ás cotas mensuais das Tarxetas cargaránse mensualmente nas contas correntes que designe o Titular dentro dos seis (6) primeiros días hábiles do mes seguinte ao período de facturación. A data de peche de liquidación do período de facturación das Tarxetas será o último día hábil do mes, se ben esta data poderá variar en función da existencia de días festivos que poidan afectar aos procesos de liquidación internos.

Por outra banda, os pagamentos efectuados a favor da Entidade imputaráselle ás cotas dos recibos resultantes, mantendo a seguinte orde de amortización: i) Os xuros retributivos calculados sobre as operacións realizadas, aplicando os devanditos pagamentos, en primeiro lugar, ás operacións realizadas cuxo tipo de xuro nominal sexa inferior e así sucesivamente ata alcanzar aquelas cun tipo de xuro nominal superior; (ii) o seguro de protección de pagos («PPI»), se o Titular o tivese contratado; (iii) o principal das operacións realizadas, asignando primeiro os pagamentos ás operacións de menor tipo de xuro nominal e así sucesivamente ata alcanzar aquelas de maior tipo de xuro nominal; e (iv) a comisión de excedido de comisión, se é o caso.

No caso de impago, os pagamentos imputaranse de acordo coa seguinte orde: (i) a cota de recibo; (ii) xuros de mora e (iii) gastos de reclamación da posición debedora vencida. Sen prexuízo do anterior, a orde de pagamentos realizarase mediante recibos, comezando polo recibo impagado máis antigo, a non ser que o Titular manifeste o contrario como consecuencia da aceptación ou rexeitamento do recibo de que se trate cargado na Conta Asociada.

A Entidade pon a dispor do Titular mecanismos de información para evitar un endebedamento excesivo co fin de facer un uso responsable da modalidade de Pago Aprazado («Revolving»).

**Importe total que se deberá pagar.** É dicir, o importe do capital prestado máis os xuros e os posibles gastos relacionados co seu crédito.

**O importe total que se deberá aboar dependerá das retiradas realizadas e dos xuros e comisións devindicados en virtude da modalidade de pagamento e/ou do período de adiamento aplicado en cada caso concreto.**

Os reembolsos non implican a amortización inmediata do capital.

Os reembolsos realizados non supoñen inmediatamente a amortización do capital disposto, senón que serven para a reconstrución mensual do importe dispoñible do crédito ata o límite máximo asignado.

### 3. Custos do Crédito.

<p><b>O Tipo debedor ou, segundo corresponda, os diferentes tipos debedores que se aplican ao contrato de crédito.</b></p>	<p>En función da modalidade de pagamento elixida polo Titular, aplicaranse os seguintes tipos de xuro:</p> <p>a) <b>Tipo de xuro nominal anual (fixo) na modalidade de Pago Aprazado («Revolving»):</b>          Compras: ..... 17,52 %          Retiradas de efectivo a crédito con Tarxeta nos caixeiros automáticos: ..... 17,52 %          Traspaso de efectivo á conta corrente ou Smart Cash: ..... 17,52 %</p> <p>b) <b>Tipo de xuro nominal (fixo) na modalidade de Pago Fin de Mes:.....non se aplican xuros.</b></p> <p>c) <b>Tipo de xuro nominal (fixo) na modalidade especial a Prazos (Compra Smart):..... 17,52 %</b></p> <p>d) <b>Tipo de xuro nominal (fixo) na modalidade especial Pago Aprazado en Comercios:..... 17,52 %</b></p>																																													
<p><b>Taxa Anual Equivalente (TAE).</b></p> <p>A TAE é o custo total do crédito expresado como porcentaxe anual do importe total do crédito.</p> <p>A TAE úsase para comparar diferentes ofertas.</p>	<p>A TAE é o custo total do crédito expresado como porcentaxe anual sobre o importe total do crédito e calcúlase segundo o Anexo I da Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo.</p> <p>Dependendo da modalidade de pagamento escollida polo Titular, aplicaranse as seguintes TAE:</p> <p>a) <b>TAE na modalidade de Pago Aprazado («Revolving»):</b>          I. <b>Compras:..... 19,00 %</b>          II. <b>Retiradas de efectivo a crédito con Tarxeta nos caixeiros automáticos:..... 19,00 %</b>          III. <b>Traspaso de efectivo á conta corrente ou Smart Cash: ..... 19,00 %</b></p> <p>Exemplos representativos baixo a hipótese de que o Contrato se manteña en vigor durante toda a súa vixencia e as Partes cumpran as súas obrigas nas condicións e prazos acordados.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Para unha retirada de 3.000 € efectuada o día 1 do mes na modalidade de «Pago Aprazado («Revolving») en Compras», cunha cota mensual correspondente á cantidade resultante de aplicar o 3,00 % á cantidade do saldo disposto e no caso de que non se produzan máis retiradas adicionais no prazo. Coa aplicación do tipo de xuro nominal anual fixo de 17,52 % (19,00 % TAE), o importe total a pagar sería de 5.276,28 € (3.000 € de capital e 2.276,28 € de xuros), a través de 117 cotas, sendo a primeira cota de 90 € (46,20 € de capital e 43,80 € de xuros) e a cota final de 23,27 € (23,43 € de capital e 0,34 € de xuros).</li> <li>Para unha retirada de 3.000 € realizada o día 1 do mes na modalidade de «Pago Aprazado («Revolving») en Retiradas de efectivo a crédito en caixeiros automáticos» cunha cota fixa, a pagar en 12 meses e co tipo de xuro nominal anual fixo do 17,52 % (19,00 % TAE). Neste caso, o importe total a aboar ascendería a 3.291,61 € (3.000 € de capital e 291,61 € de xuros), a través de 11 mensualidades de 275 € (estando a primeira cota composta por 231,20 € de capital e 43,80 € de xuros) e por unha cota final de 266,61 € (262,77 € de capital e 3,84 € de xuros).</li> </ul> <p>b) <b>TAE na modalidade de Pago Fin de Mes:.....0,00 % Sen xuros.</b></p> <p>c) <b>TAE na modalidade especial a Prazos (Compra Smart):..... 19,00 %</b>          A TAE indicada poderá variar en función do día do mes de contratación, do prazo e do importe.          Exemplo representativo baixo a hipótese de que o Contrato se manteña en vigor durante toda a súa vixencia e as Partes cumpran as súas obrigas nas condicións e prazos acordados. Para unha retirada de 3.000 €, efectuada o día 1 do mes cun prazo de amortización de 13 meses e cun tipo de xuro anual fixo do 17,52 % (19,00 % TAE). Nesta hipótese, o importe total a pagar ascendería a 3.335,45 € (3.000 € de capital, 335,45 € de xuros), composto por unha primeira cota de 43,20 € que inclúe exclusivamente os xuros, por 11 cotas de 274,36 € (estando composta a primeira destas 11 cotas por 230,56 € de capital e 43,80 € de xuros) e por unha cota final de 274,29 € (270,34 € de capital e 3,95 € de xuros).</p> <p>d) <b>TAE na modalidade especial de Pago Aprazado en Comercios:..... 19,00 %</b>          A TAE indicada pode variar en función do día do mes de contratación.          Exemplo representativo baixo a hipótese de que o Contrato se manteña en vigor durante toda a súa vixencia e as Partes cumpran as súas obrigas nas condicións e prazos acordados. Para unha retirada de 3.000 €, efectuada o día 1 do mes baixo o sistema de cota fixa a pagar en 12 meses e cun tipo de xuro nominal anual fixo do 17,52 % (19,00 % TAE). Nesta hipótese, o importe total a pagar ascendería a 3.292,25 € (3.000 € de capital e 292,25 € de xuros), mediante 11 mensualidades de 274,36 € (estando composta a primeira destas 11 cotas por 230,56 € de capital e 43,80 € de xuros) e por unha cota final de 274,29 € (270,34 € de capital e 3,95 € de xuros).</p>																																													
<p><b>É obrigatorio para a obtención do crédito en si ou nas condicións ofertadas a contratación dunha póliza de seguros que garanta o crédito ou outro servizo accesorio? Se os custos destes servizos non son coñecidos polo prestamista, non se inclúen na TAE.</b></p>	<p><b>Non. O Titular poderá contratar as Tarxetas sen que estas formen parte dun paquete de servizos ofrecidos por Bankinter, S.A.</b></p> <p>No caso de que nalgún dos contratos de contas correntes asociadas a estas Tarxetas se estipulen condicións relacionadas con elas, en función do suposto de que se trate, os efectos serán os seguintes: (i) Se o Titular non cumpre coa condición inicial que conste no seu contrato de conta corrente de ingresar un importe mínimo na conta asociada á Tarxeta, Bankinter Consumer Finance resérvase o dereito de non levar a cabo a perfección deste documento contractual, ofrecéndolle ao Titular a contratación doutras modalidades de Tarxetas en función da análise do perfil de crédito e de riscos do Titular. (ii) Se o Titular reúne as condicións de bonificación recollidas no contrato de conta corrente suscrito entre este e Bankinter, S.A., a comisión polo servizo de emisión e mantemento da Tarxeta será gratuíta e única para ambas as dúas Tarxetas. A perda deste beneficio seralle comunicada ao Titular no caso de que prefira acollerse de novo ás condicións que lle permitan gozar da gratuidade do devandito servizo.</p>																																													
<p>Custos relacionados.</p>	<p><b>Comisión polo servizo de emisión e mantemento das Tarxetas:</b>          Será de carácter anual a contar desde a data de emisión da Tarxeta. A cota será única e polo valor de:</p> <table border="1" data-bbox="443 1512 925 1601"> <thead> <tr> <th></th> <th>Por Tarxeta do Titular Principal</th> <th>Por cada Tarxeta dun Titular adicional</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Tarxeta Combo Profesional:</td> <td>60,00 €</td> <td>50,00 €</td> </tr> </tbody> </table> <p><b>Comisión por retirada de efectivo:</b>          Para as Tarxetas de Crédito de Bankinter Consumer Finance: Nas operacións a crédito, esta comisión devíndicase no momento da retirada de efectivo e liquidarase no recibo do mes correspondente.</p> <p>a.- Retiradas de efectivo en España.</p> <table border="1" data-bbox="443 1680 925 1859"> <thead> <tr> <th></th> <th>% sobre nominal</th> <th>Mínimo</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Tarxetas:</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>No portelo da oficina de Bankinter:</td> <td>4,00 %</td> <td>3,00 €</td> </tr> <tr> <td>Outra entidade:</td> <td>4,00 %</td> <td>3,00 €</td> </tr> <tr> <td>Nun caixeiro automático:</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>A crédito:</td> <td>4,00 %</td> <td>3,00 €</td> </tr> <tr> <td>A débito:</td> <td>0,00 %</td> <td>0,00 €</td> </tr> </tbody> </table> <p>Ademais, nos caixeiros automáticos, a Entidade poderá repercutirle ao Titular ata o 100 % da comisión por retiradas a débito e crédito que a entidade propietaria do caixeiro lle cobre á Entidade.</p> <p>b. - Retiradas efectivo:</p> <table border="1" data-bbox="443 1926 925 2004"> <thead> <tr> <th></th> <th>% sobre nominal</th> <th>Mínimo</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>SMART CASH:</td> <td>3,00 %</td> <td>3,00 €</td> </tr> </tbody> </table> <p>c.- Retiradas de efectivo no estranxeiro:</p> <table border="1" data-bbox="443 2016 925 2116"> <thead> <tr> <th></th> <th>% sobre nominal</th> <th>Mínimo</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Tarxetas:</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>No portelo:</td> <td>4,00 %</td> <td>3,00 €</td> </tr> <tr> <td>En caixeiro automático:</td> <td>4,00 %</td> <td>3,00 €</td> </tr> </tbody> </table> <p><b>Comisión por consultas en caixeiros automáticos:</b>          i) En caixeiros automáticos de Bankinter: Exento          ii) Resto de entidades: 0,60 €</p>		Por Tarxeta do Titular Principal	Por cada Tarxeta dun Titular adicional	Tarxeta Combo Profesional:	60,00 €	50,00 €		% sobre nominal	Mínimo	Tarxetas:			No portelo da oficina de Bankinter:	4,00 %	3,00 €	Outra entidade:	4,00 %	3,00 €	Nun caixeiro automático:			A crédito:	4,00 %	3,00 €	A débito:	0,00 %	0,00 €		% sobre nominal	Mínimo	SMART CASH:	3,00 %	3,00 €		% sobre nominal	Mínimo	Tarxetas:			No portelo:	4,00 %	3,00 €	En caixeiro automático:	4,00 %	3,00 €
	Por Tarxeta do Titular Principal	Por cada Tarxeta dun Titular adicional																																												
Tarxeta Combo Profesional:	60,00 €	50,00 €																																												
	% sobre nominal	Mínimo																																												
Tarxetas:																																														
No portelo da oficina de Bankinter:	4,00 %	3,00 €																																												
Outra entidade:	4,00 %	3,00 €																																												
Nun caixeiro automático:																																														
A crédito:	4,00 %	3,00 €																																												
A débito:	0,00 %	0,00 €																																												
	% sobre nominal	Mínimo																																												
SMART CASH:	3,00 %	3,00 €																																												
	% sobre nominal	Mínimo																																												
Tarxetas:																																														
No portelo:	4,00 %	3,00 €																																												
En caixeiro automático:	4,00 %	3,00 €																																												

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Transferencias de fondos dunha tarxeta a outra:</b> Para o servizo de transferencia de fondos entre tarxetas de crédito cobrarase unha comisión do 0,25 % do importe por operación. Trátase dunha comisión aplicable a cada unha das Tarxetas por separado.</li> <li>• <b>Comisión polo uso de redes internacionais:</b> Sobre o importe das retiradas en caixeiros automáticos, compras en tendas ou compras por internet que se realicen fóra da zona SEPA (incluíndo Andorra, Montenegro e Cidade do Vaticano), aplicarase unha comisión polo uso de redes internacionais do 3,00 %. Trátase dunha comisión aplicable a cada unha das Tarxetas por separado.</li> <li>• <b>Comisión de emisión de duplicado ou segundo plástico:</b> Na data de emisión do duplicado ou segundo plástico, aplicarase unha comisión de 25,00 €. Esta é unha única comisión para ambas as dúas tarxetas.</li> <li>• <b>Reposición urxente da tarxeta:</b> Pola entrega inmediata de tarxetas, por alta ou reposición na oficina máis próxima do cliente nun prazo de 48 horas, derivarase unha comisión de 20,00 €. Esta é unha única comisión para ambas as dúas tarxetas.</li> </ul>										
Outros custos derivados do contrato de crédito.	<p>- Comisión de Compra Smart: 5,00 % do importe a fraccionar, cun mínimo de 12,00 €. A devandita comisión só poderá cobrarse no caso de que a modalidade especial a Prazos (Compra Smart) non teña asociado o tipo de xuro establecido nas Condicións Particulares do Contrato.</p> <p>- Gastos por reclamación de posición debedora vencida: No caso de que o Titular non cumpra unha obriga de pagamento no seu vencemento nos termos pactados no Contrato, a Entidade poderá cobrarlle ao Titular os gastos derivados das xestións realizadas para cobrar a devandita posición debedora, co fin de recuperar os custos incorridos e que supoñan a utilización de recursos materiais e humanos. Estes trámites poderán consistir, en función do importe debido, no envío de correos electrónicos, SMS, cartas, burofax, realización dunha ou varias chamadas, e incluírán tamén os custos de xestión que supón para as oficinas ou colaboradores da Entidade. Os gastos derivados da reclamación dunha posición debedora repercutiranse segundo o seguinte detalle:</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>Impagado</th> <th>Gasto a repercutir</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Ata 17,99 €</td> <td>0,00 €</td> </tr> <tr> <td>De 18,00 € a 29,99 €</td> <td>17,00 €</td> </tr> <tr> <td>De 30,00 € a 35,00 €</td> <td>29,00 €</td> </tr> <tr> <td>Desde 35,01 €</td> <td>35,00 €</td> </tr> </tbody> </table> <p>Estes gastos devindicaranse e liquidaranse só despois de realizar efectivamente os trámites específicos de cobramento descritos e un mesmo impago non poderá xerar máis dunha compensación. Pola súa diferente natureza e finalidade, a repercusión deses gastos será compatible coa aplicación dos xuros de mora devindicados por incumprimento da obriga de pagamento nos termos pactados no Contrato.</p> <p>- Comisión sobre excedido de límite en tarxetas de crédito: Polo excedido do límite de crédito asociado á Tarxeta aplicarase unha comisión fixa de 20,00 €, que retribúe á Entidade pola facilidade de crédito que concede ao permitirle ao Titular superar o límite de crédito concedido. Trátase dunha comisión aplicable a cada unha das Tarxetas por separado.</p> <p>- Comisión por modificación do período de pagamento: se se solicitase a acumulación de recibos para o seu posterior pagamento, é dicir, cobramento do recibo mensual nun período distinto, cobrarase a cantidade de 6,01 € por cada mes adiado. Trátase dunha comisión aplicable a cada unha das Tarxetas por separado.</p>	Impagado	Gasto a repercutir	Ata 17,99 €	0,00 €	De 18,00 € a 29,99 €	17,00 €	De 30,00 € a 35,00 €	29,00 €	Desde 35,01 €	35,00 €
Impagado	Gasto a repercutir										
Ata 17,99 €	0,00 €										
De 18,00 € a 29,99 €	17,00 €										
De 30,00 € a 35,00 €	29,00 €										
Desde 35,01 €	35,00 €										
